

# DIA INTERNACIONAL DA MULLER TRABALLADORA

2014

DÍA INTERNACIONAL DE LA MUJER TRABAJADORA

DIA INTERNACIONAL DE LA DONA TREBALLADORA

EMAKUME LANGILEAREN NAZIOARTEKO EGUNA

NIN  
PRECARIAS

8

marzo

NIN  
DEVOTAS

NIN  
SUBMISAS

NIN  
INVISIBLES



CONFEDERACIÓN XERAL DO TRABALLO

[www.cgtgalicia.org](http://www.cgtgalicia.org)

[www.rojoynegro.info](http://www.rojoynegro.info)

## 8 DE MARZO: DÍA INTERNACIONAL DA MULLER TRABALLADORA "NIN PRECARIA, NIN SUBMISA, NIN DEVOTA, NIN INVISIBLE"

Todos os días, e de xeito especial o 8 de marzo Día Internacional da Muller Traballadora, no contexto actual que estamos a vivir de constante perda de dereitos e liberdades, as persoas que conformamos a CGT loitamos contra todas as discriminacións e por conseguir a igualdade e facémolo xunto a todas aquelas outras persoas, colectivos, movementos, asembleas e organizacións que así o queren e senten.

A nivel global, sóbrannos os motivos para a loita particularmente neste país onde as causas polas que rebelarse son múltiples:

- A precariedade laboral
- A brecha salarial entre homes e mulleres
- A desigualdade de oportunidades
- A feminización da pobreza
- A sobrecarga e invisibilidade dos coidados
- A ausencia de
- corresponsabilidade no traballo doméstico e de coidados
- A violencia machista
- A cultura patriarcal
- A lei do aborto
- A represión do dereito á identidade persoal
- A expropiación do corpo
- ...

En definitiva contra a precariedade, a explotación e a exclusión social.

Agradecemos publicamente neste 8 de Marzo de 2014 a todas as mulleres que nos precederon na loita, ás que loitan día a día e ás que agora se incorporan coa ilusión de construír todas xuntas un mundo mellor, novo e igualitario.

Dende CGT chamamos a toda a sociedade á mobilización, a seguir defendendo a igualdade e a xustiza social

**SEN MEDIOS DE SUBSISTENCIA, NOS LEVAN Á INDIXENCIA**

**!!! ESTADO NON!!!**

**!!! ACCIÓN DIRECTA, IRMANDADE ENTRE MULLERES  
E AUTOXESTIÓN S!!!!**